

¿Humanitarismo ou “hexemonismo”?

Editorial Tempo Exterior, nº 9 primeira época

Ninguén con bo xuízo pode negar a importancia e transcendencia dos dereitos humanos, tanto individuais coma colectivos; ou a necesidade de respectalos en todo momento e lugar; e mesmo a plena lexitimidade daquelas conductas reivindicativas e pacíficas que encarnan movementos sociais de claro signo emancipador. Verdade tamén que ninguén con dous dedos de fronte pode defender a política represiva e antidemocrática do réxime serbio. Milosevic simboliza a liquidación traumática das esperanzas depositadas nunha evolución democratizadora do socialismo autoxestionario; nas posibilidades de arbitrar mecanismos de convivencia, non necesariamente difíciles, entre diferentes culturas e nacións nun marco político compartido e libre de intransixencias e hexemonías. Pero sobre grandes verdades poden construírse grandes mentiras.

Formalmente, a guerra nos Balcáns, atizada coa intervención da OTAN, promoveuse en nome da defensa dos dereitos humanos dunha comunidade nacional oprimida, o pobo kosovar: ¿espellismo ou realidade? ¿é crible esta misión evanxelizadora dunha organización de tan dubidoso creto humanitario? Conforme as semanas pasaban, a acción dos países aliados deixaba en evidencia as súas carencias, desproporcións e riscos: centos de mortos e feridos, milleiros de refuxiados, unha economía en desfeita, fogares destruídos e unha sociedade pulverizada. ¿Quen pode albiscar na actual situación semellanza cunha Declaración Universal que fundamentalmente proclama a necesidade que a humanidade ten de verse libre do medo e do terror? Clinton e o seu club “ABC” (Albrigh, Berger e Cohen) pretenden que comulguemos con rodas de muíño.

¿Humanitarismo ou “hexemonismo”? Afirmar que os dereitos humanos son máis importantes cá soberanía é, cando menos, no mundo actual, demagóxico. Urxe matizar. Este humanitarismo non comeza na propia casa (a este respecto, basta ver os informes anuais de Amnistía Internacional sobre a situación dos dereitos humanos en Estados Unidos) senón que ameaza con transformarse nunha nova versión daquel cristianismo de conquista que simplemente aspira a lexitimar, co concurso da opinión pública, o uso da forza contra determinados países. É un humanitarismo que non se fundamenta na observación e na defensa da legalidade internacional, que ignora sistematicamente o respecto polas mesmas normas de diálogo e consenso que se reivindicaban como modélicas nos ámbitos estritamente estatais para resolver as diferencias políticas. É un humanitarismo que lles traslada ós outros o peor dos sacrificios: o que John Chipman, director do Instituto Internacional de Estudos Estratéxicos, resume en “tecnoloxía e publicidade máximas, baixas míni-

mas" (no campo dos protectores). Sam Berger, conselleiro de seguridade de Clinton, é o principal "ideólogo" desta estratexia que fundamentalmente pretende gañar esta ou outras guerras sen baixas propias. Como sinalou o reverendo Jesse Jackson, na Casa Branca xógase a unha especie de "guerra Nintendo".

A ONU é humillada porque é un obstáculo para servir de instrumento lexitimador da hexemonía. Por iso non acerta tampouco quen tenta aproveitar a ocasión para vilipendiar ás Nacións Unidas. O que cómpre é reivindicar ¡máis ONU! Como igualmente habería que demandar ¡máis Europa! Para que os líderes europeos fosen quen de establecer unha política balcánica axeitada.

Timor Leste: tan lonxe, tan preto

Xesús Piñeiro

Timor leste (probablemente de agora en diante Timor Lorosae, “do sol nacente”, en lingua tetum) pertence a ese grupo de conflitos que raramente chegan ás primeiras planas do interese informativo no mundo occidental. O feito de que Portugal, ex metrópole de Timor, mobilizase a diplomacia e a sociedade en apoio da causa maubere, non se traduce nunha mobilización “internacionalista” para solucionar o conflito. Por desgracia, pesan máis os intereses estratéxicos, militares e económicos, iso si, amortecidos tras a fin da Guerra Fría, dos EUA na zona, fortemente ligados a Indonesia, que o feito de que se estea a levar a cabo un xenocidio co pobo timorense.

A illa de Timor foi descuberta polos portugueses no 1420, anque a parte occidental sería colonizada polos holandeses (1613-18). A fronteira entre a parte holandesa (occidental) e a portuguesa (oriental) foi fixada, tras longas loitas no século XVIII, por diversos tratados (1859, 1893 e 1904). En 1942, a illa foi ocupada polos xaponeses; unha vez rematada a II Guerra Mundial a parte holandesa incorporouse a Indonesia (1946) e a oriental seguiu baixo dominio luso (provincia de ultramar).

Da descolonización á ocupación

Coa Revolución dos Caraveis, Portugal inicia o proceso de descolonización nos territorios africanos, así como deseña un proceso mimético para Timor, ante o que Iacarta afirma que o lóxico sería unha incorporación de Timor a Indonesia, se ben aclarando que respectaría calquera decisión adoptada polos mauberes (Encontro de Roma, 1 e 2 de novembro de 1975). Isto, por desgracia, non será así.

O principal problema que atopamos ao iniciar a descolonización é que, a diferenza de Angola ou Mozambique, en Timor non hai tradición nin movemento organizado de loita pola liberación nacional. Así, a ASDT, precursora da FRETILIN (Fronte Revolucionária de Timor Leste Independente) constituíuse en maio do 74; a outra forza de relevancia: UDT (União Democrática Timorense, controvertida organización na que pesa máis o anticomunismo que o nacionalismo) fíxoo a penas uns días antes. Incluso as organizacións integracionistas son da mesma época. A APODETI (posteriormente MAC: Movimento Anti Comunista) creouse tamén en maio do 74. É importante ter isto en conta para entender o desenvolvemento do que

vai vir. A pouca madurez destas organizacións, o descoñecemento da súa propia base social, a súa feble estrutura organizativa... son elementos a ter en conta para unha análise rigorosa do tema.

A debilidade do poder colonial portugués e as súas propias contradicións á hora de encamiñar a descolonización (mentres o gobernador Lemos Pires apoia á UDT, o Movimento Forças Armadas apoia á FRETILIN) supoñen unha maior inestabilidade en Timor. Isto vai ser aproveitado pola UDT para dar un golpe (11 de agosto) que, segundo Ramos Horta (Premio Nobel da Paz e voceiro do Conselho Nacional de Resistência Maubere – CNRM–), foi sutilmente auspiciado por Bakin, servicios secretos indonesios, para crear un caos en Timor que xustificase unha invasión. O Golpe da UDT foi máis contra o comunismo e a FRETILIN que pola independencia. Varias compañías militares integradas por timorenses adhírense ao Golpe. Nas súas reivindicacións (Movemento da UDT, 16/08/75) esixen a ilegalización da FRETILIN e da ideoloxía comunista así como establecer conversas con Portugal sobre o futuro de Timor. Durante o Golpe téntase por en pé unha Fronte Nacionalista con base no anticomunismo e a autodefinición. A consecuencia deste Golpe vai ser dobre:

- O denominado “verão quente”, unha situación case de guerra civil con enfrontamentos armados UDT- FRETILIN.
- O abandono dos portugueses da capital Dilí, refuxiándose na illa de Atauro, o que deslexitima totalmente á metrópole. Portugal inicia contactos coa ONU para solucionar a situación, o que anoxa a Indonesia, que agardaba a ocasión de intervir “a petición portuguesa”.

A FRETILIN gaña cada vez máis control do territorio. A APODETI (armada por Indonesia) entra en xogo enfrontándose á FRETILIN, o que posibilita unha alianza, en principio conxuntural, entre APODETI e UDT, con Iacarta na sombra. Os acontecementos vanse precipitando e a FRETILIN proclama o 28 de novembro a República Democrática de Timor Leste, recoñecida automaticamente polas ex colonias portuguesas. A resposta da APODETI e UDT non se fai esperar e o 29 de novembro anuncian a integración de Timor en Indonesia. No contexto da Guerra Fría, a posibilidade dun triunfo da FRETILIN supón unha ameaza para o “mundo libre”, que non está disposto a permitir “unha Cuba na rexión”. Chegou o intre agardado por Indonesia, que coa desculpa de defender Timor da agresión marxista, pon en marcha a maquinaria de invasión. Nun principio, está prevista para o 5 de decembro, pero a CIA pide que se atrase ao 7 para non coincidir coa visita de Ford e Kissinger a Iacarta. Cando Indonesia invade Timor (Operasi Seroja é o nome en clave da operación), o poder colonial luso (que estaba en Atauro) retrácese sen ofrecer resistencia, anque denuncia a invasión e decide cortar relacións con Indonesia centrando a súa ofensiva diplomática na ONU.

O xenocidio

Nos dous meses seguintes á invasión, o exército indonesio asasina 60.000 persoas (ata o día de hoxe foron máis de 200.000 dunha poboación que en 1975 a penas acadaba as 750.000. ¡Máis do 30% da poboación asasinada!). A magnitude da matanza leva á UDT a desvincularse da invasión e admitir o erro de apoiala. A ONU aproba a Resolución 3.485 de 12/12/75 que rexeita a ocupación e solicita respecto para o dereito de autodeterminación de Timor. Así mesmo, a Resolución 384 do Consello de Seguridade (15 a 22/12/75) reconece o “inalienable dereito do pobo timorense á independencia”, “deplora” a invasión, “lamenta” que o goberno luso non cumprise coas súas responsabilidades e pide ao secretario xeral da ONU o traslado urxente dun enviado especial a Timor. Este será Vittorio Guicciardi (director xeral do Gabinete da ONU en Xenebra), que irá a Timor o 19/01/76 e só permanecerá alí 3 días, sen decatarse de gran cousa polas trabas indonesias. O 17/12/75 constitúese en Timor o “Goberno Provisório” por persoas afíns ó MAC, organismo monicreque de Iacarta. Este goberno creou a Assembleia Representativa Popular de Timor Oriental, constituída por 37 membros designados por Indonesia. O Parlamento de Iacarta aprobou o 17/07/76, por unanimidade, que Timor fose a 27ª provincia da República indonesia. Como resposta, a Assembleia Constituinte Portuguesa inclúe o artigo 297 na Constitución da República (02/04/76) no que se afirma que Portugal ten a responsabilidade de promover e garantir o dereito á independencia de Timor.

A brutalidade da ocupación (fusilamentos masivos, concentración de 300.000 timorenses en “aldeas de recolonización”...) non dá dobregado ao pobo maubere, que a través das FALINTIL (Forças Armadas de Libertação Nacional de Timor Leste) fai fronte á invasión. A persistencia da resistencia leva a que, a mediados de 1981, os xenerais indonesios decidan desencadear a “Guerra Final” (Perang Terakhin) para o que desprazan a Timor 30.000 soldados. Trátase, simplemente, de asasinar en masa á poboación. A isto hai que engadir que Iacarta leva a cabo unha exportación de poboación indonesia a Timor (hoxe en día xa son o 40% dos habitantes) aos que lles aseguran traballo fixo. Ante isto, o movemento de resistencia aposta pola unidade e o seu fortalecemento: a FRETILIN e a UDT asinan (18/03/86) un acordo “para a defensa dos intereses do pobo maubere” e crean a Convergencia Nacionalista.

A solidariedade necesaria

Aos poucos, vaise producindo unha maior implicación da Comunidade Internacional na busca dunha solución ao conflito, solución que se verá necesaria coa fin da Guerra Fría.

En 1987, Portugal e Indonesia inician conversas sobre o futuro de Timor. A entrada de Portugal na CEE dálle pulo á resistencia maubere para, a través de Lisboa, acadar unha maior implicación de Europa, o que, ata hoxe e por desgracia, non se deu (pesan máis os intereses económicos con Iacarta).

Xunto a este, aínda titubeante, proceso de “internacionalización”, hai outro proceso importante: a adaptación da estratexia da FRETILIN aos novos tempos, aparcando o seu carácter marxista, e redefinido a súa estratexia en base a tres puntos: a continuación da loita de resistencia, o apoio á loita pola democratización de Indonesia como vía necesaria para unha solución dialogada ao conflito e a implicación da Comunidade Internacional.

Coa caída de Suharto suscítase unha maior flexibilidade do réxime respecto a Timor (excarceración do líder da FRETILIN Xanana Gusmao –aunque sometido a arresto domiciliario–, o recoñecemento da existencia dun conflito en Timor, anuncios da redución de efectivos militares na zona...). Sen embargo, isto non devén nun cese da violencia na actuación de Indonesia na zona, a pesar do anuncio da celebración para este 8 de agosto dun referendo no que o pobo maubere opte pola independencia ou a integración; referendo no que non hai que depositar moitas esperanzas polo anuncio das organizacións pro-indonesias de que non aceptarán un resultado favorable á independencia.

Pero calquera que sexa o escenario que xurda nos próximos meses, o labor da Comunidade Internacional é importantísimo para evitar a persistencia do xenocidio e para permitir que sexa o propio pobo maubere o que decida, por si mesmo, o seu futuro. Esa é a nosa responsabilidade. De todos.

Xesús Piñeiro é estudante de Ciencias Políticas e realiza prácticas no IGADI.

A República de Berlín e Kosovo

¿A guerra nos Balcáns como catalizador dunha nova “normalidade” alemana?

Raimundo Viejo Viñas

**A política exterior alemana na procura da súa identidade:
un balanço para os 90**

A 20 de setembro de 1949, cun explícito “Alemaña pertence ao mundo occidental”, o primeiro chanceler xermano occidental, Konrad Adenauer, definía a que andando o tempo había de ser unha constante da política exterior da República Federal de Alemaña: fidelidade a Occidente por riba de todo. Tal e como se comprobaría en repetidas ocasións (nota de Stalin de 1952, construción do Muro de Berlín en 1961, negociación coa URSS da unificación de Alemaña en 1990, etc), este “vinculación a Occidente” (*Westbindung*) sería o principio clave que fundamentaría toda a política exterior da RFA durante máis de catro décadas. Tanto nos tempos da Doutrina Hallstein coma nos da Ostpolitik de Brandt ou na primeira metade da Era Kohl, a adhesión da República Federal ás grandes estruturas de poder occidentais (CEE/UE, OTAN, etc.) había de prevalecer en todo momento como un auténtico dogma para o *establishment* teutón.

A raíz da caída do Muro de Berlín (9 de novembro de 1989), e moi especialmente desde a confirmación da Unificación de Alemaña por vía do artigo 23 da Lei Fundamental de Bonn (o que o constitucionalista Ulrich K. Preuß deu en chamar “primado da Nación sobre a Constitución”), o Estado nacional xermano, “Alemaña”, achouse inmerso de cheo nun escenario internacional completamente diferente, que devolvía á orde do día os vellos problemas longamente aprazados por mor da supremacía soviético-americana sobre a Europa central. O dilema que un día formulara o escritor Thomas Mann con motivo do 200 aniversario do nacemento de Goethe ao expor a necesidade vital que o continente tiña dunha “Alemaña europea” fronte á “Europa alemana” do panxermanismo nazi cobraba así unha nova dimensión.

Case unha década despois da completa restitución da soberanía alemana por medio do Tratado Dous Máis Catro (12 de setembro de 1990), a política exterior alemana segue sen atopar o seu sinal de identidade. Como resultado, unha fonda escisión segue a latexar hoxe na política exterior alemana. Así, se ben é certo que, por unha banda, o goberno alemán se apresurou a garantir unha estabilidade na rexión para a Alemaña unificada, non é menos certo que, pola outra, a Unificación de 1990 abriu as portas a tendencias insospeitadas a finais dos oitenta. No ámbito da construción europea, a ruptura

definitiva do tándem franco-alemán, os recortes progresivos dos fondos de cohesión ou o xiro político introducido mediante conceptos como a “integración a diversas velocidades” ou o “federalismo competitivo”, amosan unha faciana ben distinta do discurso europeísta dos oitenta. Máis aló, na política exterior da “outra” Europa, alí onde os compromisos co europeísmo occidental se esvaece por inexistentes con anterioridade a 1989, semella que nos últimos anos foi adquirindo contornos cada vez máis definidos unha “Alemaña” ben distinta. Baste con lembrar aquí o rápido recoñecemento da soberanía de Eslovenia e Croacia e o conseguinte establecemento de relacións diplomáticas con ámbas as dúas ex repúblicas iugoslavas (23 de decembro de 1991), considerado hoxe por moi diversos analistas como unha auténtica acta de defunción da política exterior europea en cernes.

Á vista desta situación, o balanço dos noventa para a política exterior alemana semella estar bastante afastado das metas reiteradas polos sucesivos gobernos de Bonn. Lonxe de ser o garante da tan proclamada como aínda inconclusa “construción europea”, a creación dun novo Estado nacional alemán estase a revelar como unha das grandes incógnitas políticas coas que hai principiar o vindeiro século.

Berlín non é Weimar, Bonn tampouco é

As razóns da crise da política exterior alemana non son alleas a outros aspectos endóxeos á propia República Federal dos que está a dar boa conta o polémico concepto “República de Berlín”. Máis aínda, é na potencialidade constituínte que agacha a conformación do réxime político alemán actual, na resolución das súas contradicións aínda pendentes, alí onde reside toda a súa relevancia de cara ao futuro de Europa.

Dúas claves axudan a clarear o momento presente da política teutona. A primeira delas, a chamada “etnificación da política” (Claus Offe) é cada día máis evidente na perda de conceptos antano usuais na política da Alemaña dividida. De feito, unha rápida ollada á prensa alemana da última década abonda para se decatarse de que moitas das palabras ao uso durante os tempos da Guerra Fría (República Federal, cidadá/n, etc) foron desaparecendo do vocabulario político, desaparecendo con elas, tamén, as bases para o tan aclamado “patriotismo constitucional” (Dolf Sternberger/Jürgen Habermas). A cousa é tanto peor se temos en conta que, na súa inercia, tan fortemente marcada pola política institucional, os medios foron os últimos en recoñecer os cambios semánticos da rúa. Pola contra, a recuperación do antigo vocabulario (Alemaña, alemán/a, etc), non se viu acompañada dunha reelaboración consciente e, xa que logo, política, dos conceptos implicados. Neste senso, non deixa de ser paradigmático o feito de que, xunto co debate da guerra no Kosovo, fose a

discusión arredor do nome da nova sede do Bundestag aquela que suscitase maiores polémicas: mentres que para unha parte do Bundestag –maioritariamente á dereita– “Reichstag” debía ser o nome do edificio, para a outra –maioritariamente á esquerda– “sala de plenarios no edificio do Reichstag” cumpría que fose o indiscutido nome da sede parlamentaria. Sexa como for o nome que finalmente se lle deser, o relevante é que na matriz ideolóxica constitutiva da identidade xermana actual non semella haber sitio para unha idea de xermanidade que non sexa o tradicional concepto orgánico-historicista de Nación. As implicacións dunha situación tal non son poucas se temos en conta que desde a caída do Muro diminuíron considerablemente as eivas burocráticas á mobilidade dos alemáns étnicos residentes nos estados do desaparecido bloque do Leste. Ao tempo, o número de estranxeiros –con ou sen papeis– non deixou de medrar nos últimos anos, agravado polas sucesivas vagas de refuxiados procedentes, principal aínda que non exclusivamente, dos Balcáns.

A segunda clave explicativa da situación política actual ten que ver coa crise do modelo institucional da República de Bonn. Desde comezos dos anos setenta, momento do seu máximo apoxeo, o réxime político xermano occidental, tal e como foi coñecido desde a súa fundación, iniciou un lento declive marcado pola progresiva perda de apoio social e a crecente desconfianza da cidadanía cara ás formas “tradicionais” de facer política. Esta crise de lexitimación sen precedentes, especialmente aguda no caso dos partidos políticos, viuse agravada pola difícil institucionalización dos movementos sociais no marco xurídico de Bonn (o célebre *Parteienstaat* ou Estado de Partidos nacido na segunda posguerra mundial). As recentes modificacións estatutarias na organización máis aberta e flexible neste senso, os ecoloxistas *Bündnis’90/Die Grünen*, confirman a ruptura definitiva co proxecto orixinal do que un día fora coñecido como o “partido anti-partido”. Sen embargo, o esgotamento das formas tradicionais de facer política, nomeadamente a política de partidos, contrasta cun visible incremento da participación (moi en especial a das mulleres) e o crecente apoio a candidaturas alternativas ás do espectro clásico dos partidos de Bonn.

¿Fin da partida, Kosovo? A República de Berlín e a guerra nos Balcáns

A situación que desde comezos da década se vive nos Balcáns e da que o último –que non derradeiro– episodio se está a desenvolver actualmente no Kosovo, vén confirmar, unha vez máis, que a guerra segue a ser a máis firme constante histórica de todos os grandes momentos de ruptura política na historia deste século. O poder catártico da guerra, subrepticamente invocado pola tríade governamental Schröder-Fischer-Scharping, opera nas circunstancias actuais como mecanismo de lexitimación dunha política militarista cons-

cientemente autocrática. O propio ministro de Asuntos Exteriores, Joschka Fischer, non puido ser máis explícito: “*a comprensión na poboación para coa inevitabilidade dos pasos militares é, seguro, moi importante. Pero o goberno actúa pola súa propia convicción*”, Der Spiegel, 16-19/04/99, páx 38). Sen embargo, á vista dos acontecementos máis recentes, non parece que a guerra estea a dar os tan desexados froitos da acción política gobernamental.

En efecto, logo da aínda inexplicada dimisión de Oskar Lafontaine, a elección de Gerhard Schröder co menor respaldo congresual coñecido desde a fundación da República de Bonn non contribuíu gran cousa ao fortalecemento do goberno nin do réxime político. Cousa semellante está a ocorrer co proceso congresual do socio de goberno, *Bündnis '90/Die Grünen*. E acontece así que, a medida que van pasando os días, o goberno alemán comeza a verse apurado pola necesidade de atopar unha solución política negociada que garanta a propia supervivencia do modelo institucional sobre a que o Estado nacional alemán está a formular a intervención nos Balcáns desde a Unificación de 1989/90. Neste senso, as eleccións europeas ben poden dar ao traste con moitas destas esperanzas. Co proceso electoral en marcha, a “poboación” da que fala Fischer, pode mudar en “cidadanía” e sorprender aos partidos gobernamentais –e moi particularmente aos verdes– cuns resultados semellantes á derrota de Hessen fronte á dereita ou aínda peores (ficar por baixo do 5% e, xa que logo, sen representación parlamentaria).

Se un novo fracaso electoral, esta vez a nivel federal, remata por desencadear unha crise política sen precedentes é cousa ben distinta. Ao cabo, a pasividade e o abstencionismo contan nos *think tanks* do *establishment* teutón como a opción menos mala que cómpre non desbotar. Nada indica, nembargantes, que os resultados das últimas convocatorias electorais apunten cara a unha democracia segundo o modelo estadounidense e, moi pola contra, todo apunta ao renacemento dos extremos do espectro político. Perante esta perspectiva, as eleccións europeas prometen ser moito máis ca unhas eleccións ao Parlamento Europeo; especialmente se o PDS repite os resultados de setembro (acadaría representación en Estrasburgo) e a extrema dereita logra perfilar unha única candidatura de cara ao seu electorado.

Raimundo Viejo Viñas é investigador convidado na Humboldt-Universität zu Berlin.

Escocia, ¿máis nación?

Marta Núñez Martínez-Corbalán

O 6 de maio celebráronse as eleccións ás Cámaras Representativas de Escocia e Gales, concluíndo deste xeito a primeira fase da *devolution* ou delegación de poderes. Falamos dunha das promesas electorais máis polémicas do Partido Laborista, dirixida a dotar ás nacións históricas de Escocia e Gales de ámbitos propios de decisión. A transferencia de poderes cara a novos entes subestatais non estivo libre de debate. Os desexos de autonomía contradicíanse coa tradicional centralización do poder político no Reino Unido. Pero a peculiaridade do seu modelo estatal, a presión que no subconsciente colectivo exercía a adhesión á identidade escocesa e a conxuntura política propiciaron o desenvolvemento das forzas centrífugas.

Un dos elementos que permitiu que este proceso se levase adiante sen grandes conflitos é o feito de que a lexitimidade do sistema político británico non descansa no tándem Estado-comunidade nacional, senón na idea de pacto social como resultado do agregado da vontade dos individuos. O aparato estatal non emerxe como expresión do poder soberano dunha comunidade nacional e, polo tanto, ao non existir un nacionalismo británico forte, non é tan acusada a negación explícita da diversidade nacional. Londres e Edimburgo vertebraron unha cultura do pacto. A cesión de competencias é froito da negociación e non podemos falar de imposicións violentas.

O tratado da Unión de 1707, polo que Escocia pasaba a formar parte do Reino Unido, non erradicou totalmente as institucións propias do país: Igrexa, poder xudicial e sistema educativo quedaban fóra do ámbito de xestión inglés. A independencia das súas Institucións e a persistencia de fortes lazos comunitarios levaron a que, en parello a un proceso de difuminación das fronteiras culturais, se producise un reforzamento da identidade escocesa.

A Igrexa Presbiteriana, como elemento diferenciador, vai máis alá da cuestión espiritual sentando as bases da organización e articulación social do seu territorio (coas *capel*), ademais de exercer unha influencia importante no sistema educativo. En canto ao sistema xurídico, este funciona dun xeito totalmente autónomo a través dun corpo de maxistrados propio e dunha xurisdicción única. O sentimento de comunidade en Escocia contrasta co tradicional individualismo e laicismo inglés e reverte nun alto grao de consciencia democrática e de participación política.

O feito diferencial escocés materializouse nunha fonda consciencia nacional que ten expresión política xa desde a metade do século XIX coa reivindicación da *Scottish Home Rule*, demanda que se revitalizaba en momentos de recesión económica nos que o status de Escocia como nación periférica

respecto de Inglaterra se deixaba sentir dun xeito máis explícito. É nestes períodos cando máis se evidencian os efectos negativos da subordinación do interese nacional aos dictados ingleses.

Esta percepción de Escocia como nación periférica nutre o desenvolvemento dunha cultura política na que predomina a tendencia de esquerda, ata o punto de que dos 72 representantes escoceses en Westminster ningún deles pertence á dereita dos *tories* (de feito, a celeridade coa que os laboristas puxeron en marcha o proceso de descentralización respondeu á débeda que teñen cos votos laboristas escoceses xunto co ascenso crecente do voto do SNP).

Os recentes comicios significaron a confirmación do proceso iniciado co referendo de 1997 e da tese laborista, máis moderada en canto á descentralización, fronte aos desexos independentistas do SNP.

Partindo dunha visión de Escocia como colonia e como nación economicamente marxinalada, a evolución ideolóxica do nacionalismo escocés transcende o romanticismo e a nostalgia polo pasado para desembocar nun programa no que, en contraposición ao tradicional liberalismo inglés, pula por garantir os dereitos políticos e sociais. Na actualidade é o SNP (Scottish National Party) o partido que lidera o nacionalismo escocés. No seu programa, o SNP, combina o ideario nacionalista con políticas de forte contido social e de corte progresista, incluíndo a defensa dos servizos sociais no marco do estado de benestar, e a nacionalización dos recursos.

O actual modelo establece unha autonomía gradual e asimétrica, proporcional á demanda da sociedade e non á lexitimidade soberana da nación. O enfoque pon en dúbidas a sinceridade e o carácter democrático dun proceso no que se fixo todo o posíbel por frear os desexos independentistas. Londres prima os seus intereses. A substitución do antigo sistema electoral por outro a dúas voltas, combinando o sistema maioritario co sistema D'Hont, xustificouse na defensa dun sistema máis proporcional, para facilitar unha maior representatividade das distintas forzas electorais nun mapa político moi fragmentado. Estes cambios utilizáronse como arma arreboladiza contra o nacionalismo, permitindo deste xeito un incremento da presenza do partido conservador que non tiña ningunha representatividade en Escocia e que tradicionalmente posicionábase en contra da autonomía.

¿Axudarán as novas Institucións de Goberno a mudar a realidade dun país no que se dan as taxas máis altas de marxinalidade e pobreza do Reino Unido? O único seguro por agora é que se avanzou no recoñecemento dos dereitos de Escocia como nación.

Marta Núñez Martínez-Corbalán é estudante de Ciencias Políticas e realiza prácticas no IGADI.

A resposta do dragón

Xulio Ríos

Intencionado ou non, o ataque á Embaixada chinesa en Belgrado non podía ser máis desafortunado e inoportuno. Ata entón, a posición chinesa en relación á guerra nos Balcáns víñase caracterizando por unha equilibrada mestura de frío distanciamento diplomático e elemental pragmatismo. Beijing era consciente de que a súa capacidade para influír na evolución dos acontecementos na zona é moi limitada e, por outra banda, neste momento, con asuntos tan transcendentais sobre a mesa como o ingreso na Organización Mundial do Comercio, importáballe máis insistir nunha dinámica constructiva nas súas delicadas relacións con Estados Unidos que abundar nas diferencias. Colamos como exemplo que, hai pouco máis dun mes, mentres caían as primeiras bombas sobre Belgrado e milleiros de kosovares iniciaban a súa particular “longa marcha” cara á fronteira con Albania, Jiang Zemin, o presidente chinés, reuníase con importantes empresarios nas capitais de Italia, Austria ou Suíza para animalos a investir na transformación económica do seu país.

Iso, sen embargo, non impediu que oficialmente a China expuxese, dende o primeiro momento, o seu rexeitamento do que considera unha mostra máis da prepotencia occidental. A China avogou sempre pola resolución pacífica do conflito no marco de Nacións Unidas, polo respecto á legalidade internacional e á soberanía, integridade territorial e independencia da República Federal Iugoslava. ¿Por qué? En primeiro lugar porque interpreta a decisión de Estados Unidos e o “seu” Grupo de Contacto como unha evidencia máis do “hexemonismo” que impregna a conducta internacional de Washington orientada a establecer un dominio mundial absoluto que é a antítese dunha orde internacional multipolar, integradora e pacífica. Na China non deixa de sorprender que quen lle esixe a súa transformación nun estado de dereito que asegure o imperio da lei, non atope ningún impedimento para saltar á mínima ocasión a mesma legalidade internacional que lle intenta impor. En segundo lugar, convén ter presente que tamén a China ten os seus propios “kosovos” internos (tibetanos, uigüres, kazakos, fundamentalmente) e toda insinuación de inxerencia externa nos seus asuntos resultarlle sempre inadmisibile.

Pero o ataque da OTAN provoca un novo escenario con repercusións importantes na orde práctica e non soamente conceptual, e a quebra dalgúns mitos. A actitude encolerizada de milleiros de manifestantes, queimando bandeiras ó xeito das escenificacións propias da Revolución Cultural, cuestiona esa idea tan estendida e tan superficial da fascinación chinesa pola potencia americana e o mundo occidental en xeral, a quen supostamente lle debería o éxito do seu proceso modernizador. Nada máis falso. A destrución da súa

delegación diplomática en Belgrado permítelle á China realizar unha exhibición do seu orgullo nacional, o patriotismo compartido de dirixentes e cidadáns, e proxectar internacionalmente unha imaxe de firmeza e capacidade de resposta ante os que Mao chamaba “tigres de papel”, algo impensable hai algúns anos. Definitivamente, pasou a época de baixar a cerviz.

As medidas adoptadas polo goberno chinés poñen de manifesto o seu sentido da oportunidade para evitar compromisos incómodos nas súas relacións con Occidente. ¿Son simbólicas? Evidentemente, eludíuse responder con medidas que poidan danar directamente os intercambios económicos, pero ambos asuntos, dereitos humanos e diálogo sobre proliferación de armas, son de gran transcendencia porque forman parte do núcleo central das súas relacións con Estados Unidos. Confirma o que era evidente, que algunhas decisións recentemente adoptadas en materia de dereitos humanos non responden a unha interiorización do seu significado senón que simplemente constitúen moeda de cambio nas relacións bilaterais. A suspensión do diálogo en materia de seguridade pode ter graves repercusións máis alá incluso da propia rexión (Paquistán, Irán). A tradicional paciencia oriental quererá o seu tempo antes de volver á normalidade.

¿Como repercutirá na evolución do conflito? A China non pode reneegar dunha participación constructiva na proposta formulada polo Grupo dos Oito. A mediación de Rusia, que verá reforzada, unha vez máis, a súa capacidade negociadora, facilitará a súa aproximación a Moscova, enchendo de maior contido esa asociación estratéxica que busca restablecer boa parte do equilibrio perdido na posguerra fría. Ademais, probablemente Beijing non desaproveitará a ocasión para reivindicar e desempeñar un papel máis activo na fronte da paz. No ánimo da OTAN pesará a necesidade de acabar canto antes este inferno e Milosevic e os seus valedores terán máis argumentos para acadar un acordo final máis favorable.

En calquera caso, con independencia da indignación e a pena polo dano sufrido polos seus cidadáns ou das satisfaccións que os Estados Unidos e a OTAN deberán proporcionar a Beijing, para os líderes de Zhonnanghai, certamente preocupados pola proximidade do aniversario dos sucesos de Tiananmen, non pode haber mellor presente ca esas pedras lanzadas sobre a sede diplomática americana polos estudantes da mesma Universidade Xinhua que hai dez anos glorificaban unha réplica da estatua da liberdade e emborrallaban o retrato de Mao Zedong.

Xulio Ríos é director do IGADI.